



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 23 de maio de 1955 foi aprobado o Consorcio do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019, que, como pertencente a parroquia de San Andrés dos Nogais, subscribiran o Concello de As Nogais e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- Que o 19 de xaneiro de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal denominado "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Lama da Vila, parroquia de San Andrés, termo municipal de As Nogais. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 68, do martes 23 de marzo do mesmo ano, non se presentou nin interpuxo recurso ningún contra el, polo que é firme.

3º.- Que o 12 de marzo do ano en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por ésta en Asemblea Xeral celebrada o pasado 11 de febreiro, acordou a súa vez:

- aproba-las Bases dun Convenio a establecer coa Consellería de Medio Ambiente, que inclúsen as 97 Hás. do monte en man común da súa pertenza, que na actualidade forman parte do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse o Consorcio do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019 e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior, a conservación, tratamento selvícola e aproveitamento das masas creadas e a execución de obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

5º.- Que en consecuencia, o novo monte queda constituido por:

97 Hás. do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019.

6º.- Que as superficies do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", eran:

superficie total:	190 Hás.
superficie repoboada:	188 "
superficie inforestal:	2 "

Como o monte "CHAO DA CANDA E OUTROS", 2715874, pasaron:

superficie total:	93 Hás.
superficie repoboada:	96 "
superficie inforestal:	1 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019.

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1997:	14.664.630,-Ptas.
pasados m/"CHAO DA CANDA E OUTROS"2715874	7.082.370,- "
Saldo actual:	7.582.260,- "

o 31-12-1976, ano en que se clasificou co-
mo en man común o monte da Comunidade da -
Lama da Vila 1.668.915,- "

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional
Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

96 x 7.582.260,-Pts. - 96 x 1.668.915,-Pts. 6.730.048,-Pts.
96 188

b) Ingresos:

o 25-03-1998: 1.157.618,-Ptas.
pasados o m/"CHAO DA CANDA E OUTROS"2715874 316.677,- "
saldo actual: 840.941,- "

8°.- E que os gastos que por traballos, administración
e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio
do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019, pasan a conta
do monte do Convenio que se propón, son:

a) GASTOS:

traballos: 6.730.048,-Ptas.
administración: 7,85 x 6.730.048,-Ptas. .. 528.309,- "
100
gardería: 96 Hás. x 1.575,-Ptas./Há. 151.200,- "
TOTAL GASTOS. 7.409.557,- Ptas.

b) INGRESOS:

96 Hás. x 840.941,-Ptas. 840.941,- Ptas.
96 Hás.
TOTAL INGRESOS..... 840.941,- Ptas.

9°.- E que a conta do Convenio do monte "MONTE
REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA", se abre cun saldo de:
7.409.557,- pesetas - 840.941,- pesetas... 6.568.616,-Ptas.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA".

Elenco: 2715885.

Superficie: 97 Hás.

Pertenza: Comunidade de Lama da Vila.

Termo municipal: As Nogais.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabializar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA", 2715885, se abra cun saldo de 6.568.616,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO", LU-3019, con posterioridade a súa data de peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "SANTO TOME E MONTE REDONDO".

Elenco: LU-3019.

Superficie: 97 Hás.


Pertenza: Parroquia de San Andrés dos Nogais.

Termo municipal: As Nogais.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 1998.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.


EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de transformación do consorcio LU-3019 do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO" que se cancela, nun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade propietaria do Monte Veciñal en Man Común "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA" integrado por 97 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,




Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.-Aprobar o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA".

Elenco: 2715885.

Superficie: 97 Hás.

Pertenza: Comunidade de Lama da Vila.

Termo municipal: As Nogais.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no vo creado: 30%

2º.- Que a conta do Convenio do monte "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA", 2715885, se abra cun saldo de 6.568.616,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "SANTO TOME E MONTE REDONDO". LU-3019, con posterioridade a súa data de peche.

3º.- Cancelar o Consorcio das seguintes características:

Nome: "SANTO TOME E MONTE REDONDO".

Elenco: LU-3019

Superficie: 97 Hás.

Pertenza: Parroquia de San Andrés dos Nogais.

Termo municipal: As Nogais.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/1/98

O SECRETARIO XERAL

Aso.: José Luis García-Tuñón.



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5885
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ**, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **ELISEO REGUEIRO GARCIA** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **23 de Maio de 1.955** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Lama da Vila, parroquia de San Andrés, termo municipal de As Nogais**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA".**

Termo municipal: **As Nogais**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal **Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Lama da Vila, parroquia de San Andrés, municipio de As Nogais.**

Límites:

N.: **Monte "CHAO DA CANDA Y OTROS", 2715874 e termo municipal de Cervantes;**

D.: **Termo municipal de Cervantes;**

S.: **Propiedades particulares e**

O.: **Propiedades particulares.**

Superficie: **97 (NOVENTA E SEITE) Hás.**

Estado forestal: **96 (NOVENTA E SEIS) Hás. repoboadas e 1 (UNHA) Há. inforestal.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **96 (NOVENTA E SEIS) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **1 (UNHA) Há.**

3ª.- O chan continuará pertencendo a **Comunidades integrada polos veciños do lugar de Lama da Vila, parroquia de San Andrés, termo municipal de As Nogais**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **97 Hás. do monte "SANTO TOME Y MONTE REDONDO", LU-3019.**

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- ~~As especies de árbores que se planten serán as seguintes:~~ O monte está repoboado de *P. sylvestris* e *P. radiata*.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ EN FUNCIÓNS DE _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " MONTE REDONDO; FONTE DO MARCO E PENA FORCADA ", veciños do lugar de Lama da Vila, parroquia de San Andrés, concello das NOGAIS - Rexistrados o 31-01-1992 co número 0266.

2.—Que, así mesmo, figura Don ELISEO REGUEIRO GARCÍA, e Don RICARDO SANTÍN GARCIA, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~data~~ elixida o 11-02-1998

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 20 de marzo de 199 8.



Don RICARDO SANTÍN GARCIA, Secretario de a Comunidade de Lama da Vila, termo municipal de As Nogais.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 11 de Febreriro de 1.998 estando designado Don ELISEO REGUEIRO GARCIA, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Lama da Vila,
a doce de Marzo de mil novecentos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Eliseo Regueiro

O PRESIDENTE,

Ricardo Santín

Asdo. : Eliseo Regueiro García.

Asdo. : Ricardo Santín García.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Eliseo Regueiro

Asd. : Eliseo Regueiro García.



Pola Consellería de Medio Ambiente
O CONSELLERO DE MEDIO AMBIENTE
P/O 12/01/98 O SECRETARIO XERAL,

Asdo. : José Luis Aboal García-Tuñón.

D. Eliseo Regueiro García.
D. Ricardo Santín García.
D. Manuel Chao Estrada.
D. Eliseo Souto Valcárcel.
D. Miguel Santiago Souto.

En el lugar de Lama da Vila, parroquia de San Andrés, municipio de As Nogais, siendo las diez horas del día 12 de Marzo de 1.998, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Lama da Vila, cuya relación figura el margen.

Conforme con el Acuerdo adoptado en Asamblea General, celebrada el pasado 11 de Febrero, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar las Bases de un Convenio a establecer con la Consellería de - Medio Ambiente, que incluya 97 Hás. del monte vecinal en mano común de su pertenencia, que en la actualidad forman parte del monte "SANTO TOME Y MONTE REDONDO", consorciado por el Ayuntamiento de As Nogais y el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "MONTE REDONDO, FONTE DO MARCO E PENA FORCADA".

Superficie: 97 Hás.

Límites:

- N.- Monte "CHAO DA GANDA Y OTROS" y término municipal de Cervantes;
- E.- Término municipal de Cervantes;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- Propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería de Medio Ambiente que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "SANTO TOME Y MONTE REDONDO".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Eliseo Regueiro

Manuel Chao

Ricardo Santín
Miguel Santiago

Huella de D. Eliseo Souto Valcarcel

